



Procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica de plans

A. Lexislación de referencia

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

B. Plan e programas que se someten a avaliación ambiental simplificada

Deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

- ✓ As **modificacións menores** dos plans e programas que deben ser obxecto de avaliación ambiental ordinaria.
- ✓ Os plans e programas que cumpran as condicións para ser sometidos a avaliación ambiental ordinaria pero establecen o uso, a nivel municipal, de **zonas de reducida extensión**.
- ✓ Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos esixidos para ser obxecto de avaliación ambiental ordinaria.

C. Procedemento

1. SOLICITUDE DE INICIO

Dentro do procedemento substantivo para adoptar ou aprobar un plan ou programa, o promotor¹ debe presentar ante o órgano substantivo², xunto coa documentación esixida pola lexislación sectorial, unha **solicitud de inicio** da avaliación ambiental estratéxica simplificada acompañada do **borrador do plan** ou programa e dun **documento ambiental estratéxico** (DAE).

Do documento ambiental estratéxico e do borrador do plan deberá remitir cadanseu exemplar en formato electrónico con sinatura dixital (do/s autor/es) ou ben unha copia auténtica do orixinal (cos requisitos que establece o artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas)

Os documentos incluírán os arquivos en formato PDF con toda a documentación gráfica e escrita, así como a información cartográfica nun formato compatible cos sistemas de información xeográfica (SIX) segundo as instrucións técnicas publicadas na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal>; sección "[Información cartográfica](#)").

No caso de que a documentación non inclúa os documentos sinalados ou non cumpra cos requisitos da lexislación sectorial, o órgano substantivo requirirá ao promotor que no prazo de 10 días hábiles achegue os documentos preceptivos de acordo ao artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Unha vez que o órgano substantivo dea conformidade á documentación presentada, remitirá ao órgano ambiental³ a solicitude de inicio, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico.

No prazo de vinte días hábiles dende a recepción da solicitude de inicio, o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha das seguintes razóns:

- ✓ Se estima que o plan é manifestamente inviable por razóns ambientais.
- ✓ Se estima que o documento ambiental estratéxico non ten condicións de calidade suficiente.

¹ Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, que pretende elaborar un plan dos contemplados no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, con independencia da Administración que no seu momento sexa a competente para a súa adopción ou aprobación.

² Órgano da Administración pública que ostenta as competencias para adoptar ou aprobar un plan o programa.

³ Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.



2. CONSULTAS PREVIAS

O órgano ambiental consultará ás administracións afectadas e ás persoas interesadas sobre as repercusións ambientais do plan. Os consultados deberán pronunciarse no prazo máximo de 30 días hábiles (art. 35.3 Lei 9/2021).

Ao mesmo tempo, o órgano ambiental publicará o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan no portal de internet da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para que o público en xeral poida achegar as súas observacións e suxestións.

3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

O órgano ambiental elaborará un informe ambiental estratéxico (IAE) no que determinará se o plan debe someterse ou non a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no anexo V da Lei 21/2013.

No caso de que o plan deba someterse a unha avaliación ambiental ordinaria, o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e remitírallo, xunto co IAE, ao promotor para poder continuar co procedemento ordinario.

Se no IAE o órgano ambiental determinase que o plan non ten efectos ambientais significativos o procedemento ambiental remataría, debendo considerar en todo caso o promotor os condicionantes ambientais establecidos no IAE.

O informe ambiental estratéxico publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na web do órgano ambiental.

O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos.

PUBLICIDADE

O órgano substantivo, se procede, adoptará ou aprobará o plan e enviará ao diario oficial (DOG) para a súa publicación a seguinte documentación:

- A resolución pola que se adopta ou aproba o plan e una referencia ao enderezo electrónico no que poñerá á disposición do público o contido íntegro do dito plan.
- Unha referencia ao diario oficial no que se publicou o informe ambiental estratéxico.

Procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental)
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

FASE	OBXECTIVOS	DOCUMENTOS	RESPONSABLE	DIRIXIR A	PAZO (*)	PUBLICACIÓN
SOLICITUDE DE INICIO	Comunicar ao órgano substantivo o inicio da tramitación do plan	• Solicitude de inicio do procedemento de AAE simplificada • Borrador do plan • Documento ambiental estratéxico • Documentación esixida pola lexislación sectorial	Promotor	Órgano substantivo		
REMISIÓN DA SOLICITUDE	Remitir ao órgano ambiental a documentación presentada polo promotor, unha vez validada ⁱ	• Solicitude de inicio do procedemento de AAE simplificada • Borrador do plan • Documento ambiental estratéxico	Órgano substantivo	Órgano ambiental		
CONSULTAS PREVIAS	Consultar sobre as repercusións ambientais do plan	• Borrador do plan • Documento ambiental estratéxico	Órgano ambiental	Administracións públicas afectadas e persoas interesadas	30 días hábiles (artigo 35.3 L9/2021)	Sede electrónica do órgano ambiental
INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO	Determinar se o plan debe someterse ou non a unha avaliación ambiental ordinaria en función dos efectos ambientais previstos		Órgano ambiental	Órgano substantivo e promotor	3 meses contados dende que recibe a solicitude de inicio completa (artigo 35.2.b L9/2021)	
	a) Non se prevén efectos ambientais significativos	• Informe ambiental estratéxico				Diario oficial e web do órgano ambiental
	a) Prevenirse efectos ambientais significativos	• Informe ambiental estratéxico • Documento de alcance do estudo ambiental estratéxico				Diario oficial e web do órgano ambiental
APROBACIÓN DO PLAN	Aprobar ou adoptar o plan	• Plan aprobado	Órgano substantivo			
PUBLICIDADE	Poñer a disposición do público en xeral o plan aprobado	• Resolución pola que se adopta ou aproba o plan, cunha referencia ao enderezo electrónico no que publicará o seu contido íntegro • Referencia ao diario oficial no que se publicou o informe ambiental estratéxico	Órgano substantivo	Público en xeral		Diario oficial e web do órgano substantivo
SEGUIMENTO	Identificar os efectos adversos non previstos derivados da aplicación do plan, e as medidas axeitadas para evitalos	• Informes de seguimento	Promotor	Órgano substantivo		Portal web do órgano substantivo